

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2017/04
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 1 de xuño de 2017.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día **1 de xuño de 2017** réunese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)
D.Ana María Martínez Fernández.
Dona María Luz Alvarez Lastra
D. Vicente Castro Reigosa
D.Xosé Farruco Graña Rama
Dona María Sonia Meilán Vizoso
D.David Rivas Peña
Dona María da Paz Ermida Igrexas (excusa)
D.Jorge Díaz Freije
Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad
Dona María Rosina Tosar López
D.José Juan Estevez Fernández
D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D. David Fernández Feijoo
Dª Aurora González Ginzo

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos

comprendidos na Orde do día:

De xeito previo o Sr. Alcalde excusa a ausencia da Concelleira Sra. Ermida Igrexas do Grupo do BNG.

1.- PROPOSTA RELATIVA Á DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA ROMAXE DAS CRUCES DE A PONTE (ARANTE). EXPEDIENTE Nº 1776/2017.

Dase conta da proposta que se transcribe:

PROPOSTA RELATIVA A DECLARACIÓN DE INTERESE TURÍSTICA DE GALICIA PARA A FESTA ROMAXE DAS CRUCES DE A PONTE DE ARANTE.

Ao abeiro do DECRETO 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de Festas de Interese Turístico de Galicia.

PARA SER TRATADA NO PLENO MUNICIPAL.

Na parroquia de Arante, no Concello de Ribadeo, ao lado do antigo Camiño Real (na actualidade coñecido como Camiño Norte de Santiago) atópase o Santuario de Nosa Señora das Virtudes, onde se rende culto, dende tempo inmemorial, á Virxe María baixo a advocación das Virtudes, e, ano tras ano, véñse celebrando, o luns de Pentecostés, a coñecida Festa-Romaxe das Cruces da Ponte de Arante.

Os documentos máis antigos que se conservan sobre este santuario son da última etapa dos Reis Católicos, pero fannos supoñer que a organización e a vida da ermida viñan de moito máis atrás. Así, xa dende 1514, existen referencias históricas onde se fala que o mordomo desta capela tiña prestado máis de 1.500 maravedís da Ermida, que nela había dous cálices, dúas huchas destinadas a esmolos, así como un libro de ingresos e gastos.

O de Nosa Señora das Virtudes foi, desde tempo inmemorial, un santuario moi venerado e visitado polos fieis; a fama de milagreira estendida ata os nosos días, o número de exvotos, a contía das esmolos ou as misas encargadas así o confirmaban.

A situación ao lado do Camiño, por onde pasaban miles de peregrinos a Santiago é tamén unha proba da atracción que exerceu este Centro Mariano.

Hoxe en día, neste santuario lévase a cabo a Festa- Romaxe das Cruces da Ponte de Arante, unha das romaxes máis destacadas do Concello de Ribadeo, onde é costume bendicir os campos (para protexer as colleitas) e cantar rogativas, tradicións que datan do s. XV. Asemade, esta festa serve para conmemorar a batalla dos veciños deste lugar contra o exército de Napoleón, pois neste mesmo lugar, aló polo ano 1809, desenvolveuse a loita entre os veciños e o exército de Napoleón.

Así, como todos sabemos esta festa é a celebración da vitoria dos veciños/as de 7 parroquias dos Concellos de Ribadeo e Trabada ante o exército de Napoleón, durante a Guerra da Independencia, aló polo ano 1809.

Hoxe en día tanto os actos anteriores como posteriores á cerimonia son os que realmente lle aportan a singularidade a esta celebración. Unha celebración vinculada ao medio rural, ao agro, as tradicións, un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local, e que dende o respecto á tradición e costumes, fana única.

Unha festa capaz de xuntar aos veciños/as de sete parroquias para conmemorar un acto de valentía que tivo lugar fai máis de dous séculos, un evento de carácter participativo onde a poboación local é a protagonista.

Dende o Concello de Ribadeo lévase traballando e colaborando cos integrantes da Comisión de Festas das Cruces da Ponte de Arante, os verdadeiros impulsores deste evento, dende fai moitos anos.

En virtude de todo anterior

PROPONSE ao Pleno Municipal, por parte dos integrantes da Mesa de Traballo constituída para a recuperación do patrimonio material e inmaterial e posta en valor da Festa Romaxe das Cruces, e o seu entorno; e formada por representantes da Asociación de Veciños/as o Formigueiro o Presidente Javier González López, a Secretaria Azucena González Loredó o párroco Carlos Miranda Trevín, historiador especialista na Romaxe Emilio López Piñeiroa, técnica municipal de turismo Begoña García López e os/as voceiros/as dos grupos con representación na corporación municipal Ana María Martínez Fernández, Jesús López Penabad, Aurora González Ginzo e Marta María Saiz García; **a adopción do seguinte acordo:**

PRIMEIRO.-Que se preste aprobación á proposta de referencia e se remita ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa declaración, iniciando así o procedemento de solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa-Romaxe das Cruces da Ponte de Arante.

SEGUNDO.- Que a Delegación Municipal de Turismo coordine coa Mesa de Traballo para tal fin a elaboración da memoria explicativa, a recompilación da documentación precisa para a acreditación do cumprimento dos requisitos e as actuacións que resulten oportunas para levar a efecto a consecución do recoñecemento.

Ribadeo, 24 de maio do 2017.”

Por parte da Alcaldía cédese a palabra á Concelleira Delegado de Turismo e desenvolvemento Local dona Ana María Martínez Fernández que pasa a dar lectura ao seguinte texto a modo de explicación e defensa desta petición:

“Boa tarde benvidos/as a este pleno con carácter extraordinario para tratar a proposta relativa á declaración de Interese turístico de Galicia para a festa romaxe das Cruces da Ponte de Arante e tomar acordo plenario se así se considera, de iniciar o procedemento de solicitude para este fin ao órgano competente da xunta de Galicia

Nace esta proposta dunha Mesa de Traballo composta pola asociación de veciños O Formigueiro, representados polo presidente Javier González, e a secretaria Azucena González, que levan anos traballando e mantendo viva esta tradición xunto co resto dos veciños/as. Agradecer aquí significativamente o traballo de Azucena pola súa aportación na elaboración de esta memoria. Tamén darlle as grazas como membro da Mesa a Emilio López Piñeiroa, historiador experto no patrimonio, inmaterial e material, que alberga a Ponte, xunto con Carlos Trevín, párroco, e defensor do valor artístico e espiritual do santuario.

Grazas tamén ás técnicas de turismo pola súa labor incansable na procura á hora de documentar e transmitir o valor do territorio, finalmente grazas compañeiras e compañeiros de corporación por traballar en consenso esta proposta, reflexo do que esta festa celebra „a vitoria dos veciños e das veciñas, a forza, a unión, de sete parroquias, unión de dous concellos, o de Ribadeo e o de Trabada, que hoxe nos transmite o seu apoio para esta

declaración, coas parroquias de Sante, Vidal, Valboa, Ove, Covelas, Cedofeita e Arante, que participaron para defenderse ante o exército de Napoleón durante a guerra da Independencia, alá polo ano 1809.

Falamos de máis de douscentos anos de antigüidade e case unha celebración ininterrompida, e iso ten valor porque precisamente os vecinos/as, os verdadeiros artífices desta festa, son os que conseguen que siga estando aí, siga estando viva, siga mantendo a tradición, e eu creo que iso debería ser valorado coa declaración de festa de Interese Turístico de Galicia que se propon hoxe.

O interese non soamente está no turismo, vai moito máis aló, é un lugar de interese patrimonial. Temos un santuario cunhas pinturas únicas en Galicia. Temos historia, relixiosidade, o Camiño de Santiago pasando á súa beira, creo que o enclave é magnífico.

Despois de percorrer os diferentes santuarios que imos atopando desde Ribadeo ata A Ponte ao pé do Camiño cun importante valor artístico, chegar aquí é practicamente como quen chega a unha pequena Compostela, atopándose con algo maxestuoso sorprendendo a quen por vez primeira se achega.

Esta é a posta en valor que temos que facer para acender esa chispa que dea lugar a que se teña en conta o verdadeiro valor do que supón a Ponte de Arante.”

Aberto un turno de intervencións pola Alcaldía a Concelleira do Grupo Mixto-Cidadans dona Marta Saiz García mostra a súa conformidade en apoio da petición.

De igual xeito se manifesta a representante do Grupo Socialista Dona Aurora González Ginzó que manifesta que están encantados co cosenso acadado e que lle parece ben a proposta formulada.

Por último o portavoz do Grupo Popular Sr. López Penabad refire na mesma liña que os outros portavoces que creen xusta a petición e sinala que o chamou o Delegado Provincial de Presidencia para indicarlle que teñen as portas da Delegación abertas por se quere facerse en Lugo a presentación desta proposta.

Finalmente o Sr.Alcalde agradece a todos os portavoces e demais asinantes desta petición a súa labor e tamén que o acordo se adopte por unanimidade indicando que se remitirá á Xutna para que se tramite á maior brevedade.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada por unanimidade dos membros da Corporación presentes, nos propios termos da mesma.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE